

## BUZÓNS DE POSTOS OPE EXTRAORDINARIA 2022 PARA ALEGACIÓNS

Santiago de Compostela 27/04/2022

A Dirección Xeral da Función Pública remitiu os buzóns de postos dispoñibles para a súa consulta e alegacións.

### Os documentos conteñen:

- Prazas a incluír na OPE extraordinaria 2022.
- Tamén para a súa revisión, prazas que serán obxecto de **cobertura noutros procesos de selección e provisión en curso** e non formarán parte da devandita oferta de emprego extraordinaria.

### Buzón 1:

- Inclúe os postos ocupados ininterrompidamente (\*) e con toma de posesión con anterioridade ao 01/01/2016 (<01/01/2016).
- Figuran tanto os postos adxudicados no concurso F0219 por estaren pendentes de toma de posesión dos seu titulares, así como aqueloutros ofertados e convocados en procesos selectivos e pendentes da súa resolución definitiva.
- **Total 4.098 postos**

### Buzón 2

- Inclúe os postos ocupados ininterrompidamente (\*) e con toma de posesión entre os anos 2016 e 2017: (>=01/01/2016<01/01/2018).
- Figuran tanto os postos adxudicados no concurso F0219 por estaren pendentes de toma de posesión dos seu titulares, así como aqueloutros ofertados e convocados en procesos selectivos e pendentes da súa resolución definitiva.
- **Total 206 postos**

### Buzón 3

- Inclúe aqueles postos ocupados por persoal indefinido non fixo que polas súas características especiais non están incluídos nos buzóns 1 e 2.
- **Total 50 postos**

### Nota (\*):

Ininterrompidamente: A estes efectos de documentos de traballo entenderase ata un **máximo de 3 meses sen ocupación**.

## Entes instrumentais:

Achéganse dous arquivos excel:

- Un arquivo relativo ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar
- Outro arquivo relativo aos restantes entes instrumentais fundamentalmente sociedades e fundacións. Non se inclúen postos de Expourense, Fundación Semana Verde de Galicia, Fundación Pública Artesanía de Galicia e Xesgalicia por comunicar que non teñen postos que incluír.

**E a efectos informativos achégase outro arquivo excel** que recolle as prazas convocadas e que polo tanto non poden formar parte desta oferta extraordinaria (986 prazas)

## Criterios comúns empregados na elaboración dos distintos buzóns de postos:

- Teñen que estar ocupados: a data do 30/12/2021
- Son postos con forma de provisión: Concurso e Concurso específico.
- Postos das relacións de postos de traballo (RPT)
- Postos vacantes, ocupados por persoal interino, temporal ou indefinido (SAI01.- SERVICIO ACTIVO DE INTERINOS, SAI02.- SERVICIO ACTIVO LABORAL TEMPORAL, SAI03, SAI04, SAI05, SADI1, SADI2.- SERV.ACTIVO LABORAL INDEFINIDO NON FIXO).
- Recolle os postos da disposición transitoria décima 1ª e 2ª parte do V Convenio Colectivo
- Instrucións para realizar as alegacións polas organizacións sindicais. Indicarán e estarán ao seguinte:

**Data límite de presentación de alegacións: 5 de maio de 2022**

**PODES FACER CHEGAR AS TÚAS CONSULTAS AOS  
SEGUINTE ENDEREZOS ELECTRÓNICOS:**

[autonomica.coruna@ugt-sp.ugt.org](mailto:autonomica.coruna@ugt-sp.ugt.org)

[autonomica.lugo@ugt-sp.ugt.org](mailto:autonomica.lugo@ugt-sp.ugt.org)

[xunta.ourense@ugt-sp.ugt.org](mailto:xunta.ourense@ugt-sp.ugt.org)

[pontevedra@ugt-sp.ugt.org](mailto:pontevedra@ugt-sp.ugt.org)

[sindicato-uxt@xunta.gal](mailto:sindicato-uxt@xunta.gal)

[uxt.sancaetano@xunta.gal](mailto:uxt.sancaetano@xunta.gal)